

ANUNCIO
(Expte. 406/2023)

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS FEDERADOS/AS DO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2023

Por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de marzo de 2023, acordouse prestar aprobación as "Bases reguladoras das subvencións a deportistas individuais federados/as do concello de Silleda para o ano 2023", que se insire a continuación:

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS FEDERADOS/AS DO CONCELLO DE SILLEDA PARA O ANO 2023

O Concello de Silleda, consciente da importancia da práctica do deporte e dos seus valores e beneficios, e na súa tarefa de fomentar e promover o mesmo, ven apoiando ao longo dos anos aos clubs e deportistas do concello, xa que dita práctica constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo, supón un estímulo para fomentar o deporte base e cumpre unha función representativa e de reputación xeral no mundo do deporte para o concello.

Dentro das súas competencias de promoción do Deporte, e consciente das dificultades que teñen moitos deportistas para poder levar a cabo os seus adestramentos e competicións, polo elevado custo que supón a súa actividade considera necesario aprobar unha liña de axudas ao deporte individual.

O deporte é unha actividade esencial, enormemente enriquecedora e xeradora de benestar persoal. Ademais, constitúe un importante instrumento de cohesión social, de transmisión de valores e de impulso económico.

Ademais da práctica colectiva, vense constatando nos últimos anos un notable aumento de veciños e veciñas que a título individual están a destacar en diferentes disciplinas como deportistas federados/as. Co ánimo de axudar a este sector da poboación e ao desenvolvemento da súa traxectoria, preséntanse as seguintes bases.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece un novo marco de actuacións nesta materia, que resulta de aplicación ás Entidades Locais. Dispón no seu artigo 3 que as subvencións que outorguen as Entidades que integran a Administración Local rexeranse polas prescricións contidas nesta Lei, engadíndose no artigo 17.2 que as bases reguladoras das subvencións das Corporacións Locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do presuposto, a través dunha Ordenanza Xeral de Subvencións ou mediante unha Ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención.

O Pleno do Concello, con data 27 de xaneiro de 2005, aprobou a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Silleda, que ten por obxecto establecer as normas de carácter xeral ás que deben axustarse as correspondentes convocatorias.

Ó abeiro de tal Ordenanza, as presentes bases regulan, no ámbito territorial do Concello de Silleda, as axudas dirixidas a deportistas federados/as que cumpran os requisitos establecidos nas mesmas, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva.

B A S E S

1) OBXECTO:



O obxecto desta convocatoria é fixar as bases reguladoras das axudas económicas as e os deportistas individuais ou por parellas do concello de Silleda para o ano 2023.

As axudas reguladas nestas bases buscan apoiar e posibilitar a participación das e dos deportistas do concello nas diferentes competicións.

Para os efectos destas bases considérase deporte de carácter individual ou por parellas todo aquel que, segundo a súa regulamentación, é practicado por unha ou dúas persoas deportistas como máximo.

2) FINANCIAMENTO:

O importe total disposto para o outorgamento das subvención a conceder será de 3.000,00 € (TRES MIL EUROS), que se destinará ás solicitudes formuladas por deportistas federados/as, con cargo a partida orzamentaria 341-48.

3) PERSOAS BENEFICIARIAS:

Poderán solicitar estas axudas:

- As e os deportistas federadas/os que estean empadroadas/os no Concello de Silleda con anterioridade á aprobación destas bases.
- Competir nunha modalidade de maneira individual ou por parellas.
- Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva.
- Acreditar o nivel deportivo exixido nestas bases.
- Non estar a cumprir unha sanción disciplinaria deportiva firme de carácter moi grave nin unha sanción administrativa firme en materia deportiva de carácter grave ou moi grave no momento da solicitude de recoñecemento nin durante o goce dos beneficios derivados.
- Participar como mínimo en 2 probas ou campionatos de carácter oficial de ámbito autonómico ou superior incluídas nos calendarios das respectivas federacións, xa sexa a nivel individual ou a nivel de club ou selección e organizados pola federación deportiva correspondente.
- Estar o corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estar o corrente cas obrigas coa Seguridade Social e co Concello de Silleda.

Non poderán optar a esta convocatoria aqueles/as deportistas que contén con subvención nominativa do Concello de Silleda no ano en curso.

4) LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes dirixiranse ó Alcalde do Concello e presentaranse no Rexistro Xeral Municipal en horario de 9:00 a 14:00 ou no rexistro electrónico do Concello de Silleda, de conformidade co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en impreso normalizado de solicitude (ANEXO I) que estará dispoñible na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal> e na páxina web do concello www.silleda.gal. Serán rexeitadas as solicitudes que non se presenten en ditos modelos que serán aprobados xunto coa convocatoria.

O procedemento entenderase iniciado de oficio no momento no que polo órgano competente, que neste caso, e de acordo co artigo 21.1, é o Alcalde do Concello, e por delegación a Xunta de Goberno Local, se aprobe a convocatoria da presente subvención. O prazo de presentación das solicitudes será de 15 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación da convocatoria que se aprobe en aplicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.



De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra.

De existir algún defecto na solicitude ou documentos adxuntos, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días hábiles emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que en caso de non facelo así considerarase desistido na súa petición, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

5) DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

As persoas interesadas deberán presentar a seguinte documentación:

- Modelo de solicitude (anexo I) debidamente cumprimentado e asinado polo/a deportista, sendo obrigatorio cubrir todos os apartados.
- Copia cotexada do DNI.
- Copia cotexada da licenza federativa vixente expedida pola federación deportiva correspondente.
- Certificado expedido pola correspondente federación onde se faga constar a participación e os resultados deportivos nas diferentes competicións, campionatos ou eventos nas últimas tempadas (Anexo I).
- Proxecto deportivo, a desenvolver durante o ano da solicitude, no que se incluírá:
 - * Data, (se a coñece) lugar, número e duración das competicións.
 - * Nivel da competición (autonómica, nacional, internacional, ...)
- Orzamento de gastos e ingresos estimados da actividade deportiva subvencionada.
- Certificación bancaria da conta onde se efectuarán os pagamentos.
- Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas pola lexislación vixente.
- Declaración de axudas e/ou subvencións de calquera entidade pública ou privada solicitadas para a mesma finalidade indicando a contía das mesmas e declaración xurada conforme o solicitante non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003 (Anexo II).

6) PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento de concesión das subvencións levarase a cabo en réxime de concorrència competitiva.

En ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases de 3.000,00 €.

O importe das subvencións calcularase segundo os criterios de valoración recollidos nestas bases, establécese un importe máximo de subvención de 1.000,00 €.

A concesión destas subvencións é compatible coas doutras administracións públicas.

7) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS:

As solicitudes valoraranse segundo os certificados federativos (anexo I) presentados coa solicitude, ata un máximo de 100 puntos. Os apartados para determinar as puntuacións serán os definidos nos certificados federativos, a saber:

a) Historial deportivo (ata un máximo de 40 puntos):



As probas que se avalían serán as correspondentes aos anos 2021, 2022 e 2023, avaliando os 5 mellores resultados de cada ano ata un máximo de 40 puntos.

- Campionatos de España ou superiores: 20 puntos
- Probas do calendario nacional ou campionatos Galegos: 10 puntos.
- Probas do calendario autonómico: 5 puntos

b) Licencia federativa (ata un máximo de 10 puntos):

A licenza federativa será a correspondente ao ano 2023.

- Nivel nacional: 10 puntos.
- Nivel autonómico: 5 puntos.

c) Convocatorias con seleccións autonómicas ou nacionais (ata un máximo de 10):

- Convocatoria coa selección nacional: 10 puntos
- Convocatoria coa selección autonómica: 5 puntos

d) Categoría da ou do deportista (ata un máximo de 10 puntos):

- Absoluta e previas á absoluta: 10 puntos
- Resto de categorías: 1 puntos

e) Estar recoñecido como deportista de alto nivel autonómico ou estatal: 10 puntos

f) Por posesión de licenza deportiva feminina: 10 puntos

g) Licenza deporte adaptado: 10 puntos

8) GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido nas presentes bases.

A efectos destas bases, subvencionaranse os seguintes gastos:

- Adquisición de material deportivo
- Inscripcións en competicións oficiais
- Gastos de desprazamento, manutención e aloxamento das e dos deportistas para asistir ás competicións deportivas
- Pago de adestradores, fisioterapeutas ou calquera outro axente necesario para a práctica da actividade deportiva subvencionada
- Todos aqueles relacionados coa práctica deportiva do/a deportista subvencionado/a

Non serán gastos subvencionables:

- Os xuros debedores de contas bancarias.
- Os xuros, recargos e sancións administrativas.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

9) INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO:

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe pronunciarse a resolución, será a Concellería de Deportes.

O órgano instructor do procedemento será o encargado de requirir aos solicitantes a emenda de deficiencias nas solicitudes presentadas. Así mesmo, requirirá á Tesourería municipal certificado de que os deportistas solicitantes estean ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Silleda. Elaborarase un informe de cada unha das solicitudes presentadas nas que se farán constar:

- a) Nome do deportista, disciplina deportiva e modalidade da subvención e/ou contía máxima á que opta.



- b) Se está ou non completa a documentación do expediente, con expresión da data da finalización do prazo de presentación, no seu caso.
- c) Se cumpre os requisitos da convocatoria, con indicación expresa dos que non cumpra de ser o caso.

A valoración das propostas presentadas, en base aos criterios relacionados no punto anterior, efectuarase por unha Comisión de Valoración constituída polo Concelleiro/a delegado/a de Deportes que a presidirá e o técnico municipal de deportes, ademais dun funcionario/a municipal que actuará tamén como Secretario da Comisión de Valoración.

Esta Comisión elevará unha proposta de concesión á Xunta de Goberno Local previo informe da Intervención municipal. A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para a adopción do acordo de concesión de subvencións. Este acordo esgotará a vía administrativa.

10) PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS

O acordo de resolución será publicado no taboleiro do Concello, na páxina web e na súa sede electrónica. Transcorrido o prazo sen que recaia resolución, entenderase desestimada a solicitude de concesión de axuda, nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

11) XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS:

As persoas beneficiarias deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 31 de decembro de 2023.

A xustificación deberá incluír a seguinte documentación:

1º Conta xustificativa simplificada.

- Memoria.
- Relación clasificada de gastos.
- Detalle doutros ingresos ou subvencións.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

3º Declaracións e certificados.

A continuación se detalla o contido dos distintos documentos.

1º Conta xustificativa simplificada.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da **conta xustificativa simplificada**, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

De conformidade co artigo 75 do DECRETO 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia esta se presentará co seguinte contido:

- a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3º da Lei de subvencións de Galicia.



- b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento. No caso de que a subvención se outorgue de acordo cun orzamento estimado, indicaranse as desviacións producidas.
- c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.
- d) Se é o caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos xuros derivados destes.

2º Documentos acreditativos dos gastos realizados.

1.- Os gastos en bens e servizos se acreditarán mediante facturas regulamentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil. Poderán presentarse orixinais ou fotocopias compulsadas..

A presentación de copias compulsadas seguirá o seguinte procedemento:

- 1) A factura orixinal será compulsada no Concello de Silleda.
- 2) No momento da compulsa a persoa funcionaria encargada da mesma realizará a correspondente dilixencia, que constará en ambos documentos (na factura orixinal e na copia)
- 3) Poderase incluír na dilixencia un importe inferior ao total da factura, co obxecto de que parte da mesma xustifique esta subvención e o importe restante se use para xustificar outras subvencións.

As facturas deberán emitirse a nome da persoa beneficiaria e cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 1.496/2003 polo que se regulan as obrigacións de facturación.

A xustificación da subvención incluírá en todo caso a acreditación do pago correspondente. Non se admitirán pagos en efectivo por importe superior a 1.000 euros.

Só se admitirán xustificantes relativos a gastos necesarios para a realización da actividade subvencionada.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos:

- Facturas onde non consten claramente os conceptos obxecto da subvención.
- Facturas que conteñan conceptos non subvencionables
- Facturas que non veñan presentadas en tempo e forma.
- Facturas que conteñan consumo de bebidas alcohólicas ou outros produtos lesivos para a saúde.
- As cantidades satisfeitas ao Concello por calquera concepto.

3º Declaracións e certificados.

- Declaración responsable de non ter recibido outras axudas
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

O importe da subvención reducirase proporcionalmente aos gastos non xustificadas correctamente.

O pago da subvención efectuarase mediante ingreso na conta sinalada polos beneficiarios trala aprobación da xustificación.

12) OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

Serán obrigas dos beneficiarios das axudas:

- Destinar a subvencións aos fins para os que foi concedida.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente normativa en materia de subvencións.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37da Lei Xeral de Subvencións, e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou



negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro prevista no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións.

- Cumprir as restantes obrigacións que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións e 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

- Os deportistas individuais subvencionados ao abeiro destas bases quedarán obrigados a:

a) Colaborar, se é o caso, co Concello de Silleda naqueles programas deportivos que organice cando lle sexa requirido, para os efectos de promoción deportiva.

b) Facer constar na súa publicidade cos logos oficiais, o patrocinio do Concello de Silleda.

c) Dar publicidade da recepción destas axudas, a través das canles de comunicación dos deportistas.

d) Cumprir coa Lei Antidopaxe vixente, e en todo momento cas regras e valores de Xogo Limpo publicadas polo Consello Superior de Deportes.

e) Achegar informe do desenvolvemento da súa actividade deportiva sempre e cando lle sexa requirido pola Concellería de deportes.

13) RÉXIME SANCIONADOR

Os beneficiarios das subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido nos capítulos I e II do título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e no artigo 40 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e demais normas concordantes

14) RÉXIME XURÍDICO

Nos aspectos non especificados nestas bases, as presentes axudas regularanse polo disposto na normativa xeral reguladora de subvencións, en especial, a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

15) TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade: En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recadados, e que Vde. nos facilite e achegue a esta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Servizos do Concello de Silleda**.

Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos serán as contempladas no art. 6 da LOPDGDD, e estarán fundamentadas no consentimento que vostede concede ou no do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante da subvención ou axuda na que está interesado, podendo tamén selo o cumprimento dunha obrigación legal aplicable a este responsable ou a de protexer os intereses vitais do interesado ou de outra persoa física.

Cesión de datos: A solicitude, así como os documentos achegados, poderán ser cedidos ou consultados ante aquelas Administracións Pública ou ante outros Organismos competentes en materia de subvencións e axudas solicitadas, e polo que,

Vostede AUTORIZA e está sendo informado, aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, á comprobación telemática por parte deste responsable con outras Administracións



Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relativas o cumprimento dos requisitos requiridos.

Pode consultar políticas de privacidade ou exercicio dos dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos pode presentar reclamacións ante a **Autoridade de Control** <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos poderá exercelos presentando escrito no Rexistro Xeral deste Concello en Rúa do Trasdeza, 55 Silleda (36540) Pontevedra ou por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique e/ou do seu representado.

O que se fai público aos efectos da apertura do prazo de presentación de solicitudes de subvencións polas persoas ou entidades que correspondan, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

O que se fai público os efectos oportunos.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

NOME E APELIDOS DA PERSOA SOLICITANTE:	
D.N.I.:	
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	CÓDIGO POSTAL:
TELÉFONO:	MAIL:

2. ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS

ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS PARA A TEMPADA Indicar se a tempada é por anualidade (2023) Indicar se a tempada é partida (2022/2023)	
CONCEPTO DE GASTOS:	IMPORTE
TOTAL GASTOS:	
CONCEPTO DE INGRESOS:	IMPORTE:



TOTAL INGRESOS:	
Declaro que: -Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos. -Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.	
LUGAR E DATA:	SINATURA:
En _____ a _____ de _____ do 2023	

ANEXO II

1. DATOS DEPORTIVOS

PARTICIPACIÓN E RESULTADOS EN COMPETICIÓN, CAMPIONATOS OU EVENTOS NAS ÚLTIMAS TEMPADAS 2021/2022/2023	
DISCIPLINA DEPORTIVA:	
CATEGORIA NA QUE PARTICIPA:	
CAMPIONATOS OU ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPOU NAS ÚLTIMAS TEMPADAS	RESULTADOS :
1.	
2.	
3.	
4.	
5.	
6.	
7.	
8.	
9.	
10.	
FEDERACIÓN DEPORTIVA A QUE PERTENCE:	TELÉFONO:
	MAIL:

2. PROXECTO DEPORTIVO

PROXECTO DEPORTIVO A DESENVOLVER DURANTE O ANO DA SOLICITUDE 2022/2023 ou 2023				
DATA (SE A COÑECE)	LUGAR	NÚMERO	DURACIÓN	NIVEL (AUTONÓMICO, NACIONAL, INTERNACIONAL)



Declaro que:

-Os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

-Acepto expresamente as Bases da convocatoria de subvención.

LUGAR E DATA:

En _____ a _____ de _____ do 2023

SINATURA:

ANEXO III DECLARACIÓN

SOLICITANTE: _____ D.N.I _____

BAIXO RESPONSABILIDADE DECLARO:

NON solicitei NIN recibiu ninguna outra axuda ou subvención pública ou privada para a mesma finalidade.

Teño solicitado e/ou concedidas outras axudas e subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Axudas solicitadas:		€
		€
		€
Axudas concedidas:		€
		€
		€

A) Que non está incurso en ningunha das causas de prohibición de percepción de subvencións ou axudas públicas mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003.

E para que así conste, asino a presente

En Silleda a _____ de _____ de 2023

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndose que contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que adpotou o presente acordo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da publicación deste acordo, de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra,



de conformidade co establecido no artigo 10.1 b), en concordancia co artigo 46.1 da Lei reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse, no seu caso, calquera outro recurso que se estime pertinente.

Silleda, na data da sinatura electrónica
O Alcalde-Presidente
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

